

**INFORME CLIMATOLÓXICO MES
DE XULLO DE 2023**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	16
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.2.	Días de chuvia en xullo de 2023	19
6.3.	Evolución da precipitación en xullo de 2023.....	21
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	27
9	RAIOS.....	28

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de xullo de temperatura mínima

Calendario de xullo de temperatura máxima

Calendario de xullo de precipitación acumulada

Calendario de xullo de refacho máximo

Data edición: 10/08/2023

**Mes de xullo normal na temperatura e seco****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe, considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < \text{mínimo en 1981-2010}$	Extremadamente frío
$\text{mínimo en 1981-2010} \leq T < 20\%$	Moi frío
$20\% \leq T < 40\%$	Frío
$40\% \leq T \leq 60\%$	Normal
$60\% < T \leq 80\%$	Cálido
$80\% < T \leq \text{máximo en 1981-2010}$	Moi cálido
$T > \text{máximo en 1981-2010}$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$P < \text{mínimo en 1981-2010}$	Extremadamente seco
$\text{mínimo en 1981-2010} \leq P < 20\%$	Moi seco
$20\% \leq P < 40\%$	Seco
$40\% \leq P \leq 60\%$	Normal
$60\% < P \leq 80\%$	Húmido
$80\% < P \leq \text{máximo en 1981-2010}$	Moi Húmido
$P > \text{máximo en 1981-2010}$	Extremadamente Húmido

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

As situacións meteorolóxicas ao longo do mes de xullo quedaron caracterizadas pola presenza dunha zona de aire frío en capas medias e altas da atmosfera no Atlántico norte que impediu que o anticiclón se movese cara ao norte, deixando a Galicia en zonas intermedias, con máis predominio anticiclónico, pero con achegamentos frecuentes de fronte atlánticas febles e sen achegamentos de masas de aire norteafricanas. Isto configurou un mes no que os valores de temperatura estiveron, en xeral, próximos á media climática e os da precipitación por baixo do agardado en moitas zonas de Galicia, especialmente da metade leste.

Así, durante os primeiros 3 días do mes, as situacións foron anticiclónicas, aínda que co anticiclón localizado no Atlántico, ao noroeste de Galicia, o que deixaba máis horas de sol e máis temperatura canto máis ao sur.

Nos seguintes 3 días, a situación non cambiou substancialmente, aínda que o anticiclón se movera cara o sur e polo tanto os ventos entraran algo máis do oeste, deixando un aumento das nubes e un descenso nas temperaturas no sur da Coruña e na provincia de Pontevedra ademais do terzo norte.

A xornada do 7 comezaba aínda con sol e altas temperaturas, pero, a medida que foi entrando a tarde, unha fronte comezou a achegarse a Galicia, con aumento progresivo do vento do sur e das nubes. As chuvias tiveron lugar nas últimas horas do venres e na madrugada do sábado 8. Nas horas diúrnas do sábado, Galicia quedou na zona de chuvascos, co ceo parcialmente nubrado, algunha chuvia illada e temperaturas algo por debaixo do habitual neste mes.

O día 9 foi de transición, cunha tarde de sol e ascenso de temperatura, unha situación que se consolidou o día 10, con sol e temperaturas altas por toda Galicia. Pero a situación mudou novamente o día 11 co achegamento dun sistema frontal que deixou aumento das nubes e un descenso das temperaturas. A fronte pasou na madrugada do día 12 deixando unhas primeiras horas de nubes e chuvia feble nesta xornada. Pero as altas presións volveron durante a tarde e dominaron de novo o día 13, con sol e calor.



A seguinte fronte chegaba a Galicia na xornada do 14 afectando principalmente á metade oeste e a súa influencia estendíase, tamén, ao día 15 con chuvias intermitentes.

O seguinte período anticiclónico chegaba o 16, quedando dúas xornadas, 16 e 17, de ceo despexado e aumento das temperaturas. Durante o período entre o 18 e o 22, Galicia quedaba en situacións intermedias, con mañás algo nubradas na metade norte, pero tardes solleiras en xeral.

Xa o 23, de novo as baixas presións achegábanse a Galicia deixando de novo nebulosidade e algunhas chuvias febles na metade oeste, situación que se estendía á mañá do 24.

Os días 25, 26 e 27 foron anticiclónicos, con temperaturas particularmente elevadas o 26, pero, dentro da oscilación na que estivemos ao longo do mes, o 28 tocaban de novo baixas presións que trouxeron chuvias febles. Logo dun día 29 de transición, o mes remataba nos derradeiros dous días con situacións estables de sol e ascenso de temperatura.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A Figura 1 amosa a configuración de anomalía de xeopotencial en 500 hPa. Nela, pódese ver unha anomalía negativa no norte de Europa, máis acusada entre as Illas Británicas e o Mar Báltico, unha zona de aire máis frío do habitual que foi a causante de xerar e alimentar borrascas nesas latitudes. Porén, na Figura 2, que representa a configuración de anomalía de presión en superficie, podemos ver, do mesmo xeito, unha forte anomalía negativa nesa zona, o que significa que, durante o mes de xullo, as borrascas circulaban ao norte da península Ibérica, pero non moi afastadas dela, e xunto coas altas presións que predominaron no área mediterránea, fixo que prevaleceran os ventos de compoñente oeste e, de cando en vez, tivéramos o paso dalgunha fronte atlántica.




Figura 1: Anomalías de xeopotencial en 500hPa en xullo de 2023 respecto ao período 1991-2020




Figura 2: Anomalías de presión en superficie en xullo de 2023 respecto ao período 1991-2020



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XULLO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.9/20.4	18.9	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	17.2	15.9	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	14.3/14.4 (día 17)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	20.3/19.8 (día 28)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	24.5 /23.6	21.9	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	28.9/27.0 (día 7)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	20.7/21.2 (día 2)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	19	22-34	100 (1971)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	6	5	22 (1936)	0 (2016)

Comentario: Mes **moi cálido** tendo en conta todas as temperaturas.

A **precipitación** rexistrada foi algo inferior ao rango de valores normais, resultando un mes **seco**, a pesar de que o número de días de chuvia fora lixeiramente superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2023. Temperatura: 1948-2023.

SANTIAGO

	XULLO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.0	19.6	22.1 (2022)	17.6 (2009)
Tª mínima media	14.0	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	9.9 (día 16)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	16.8 (día 28)	23.6 (14/07/2022)		
Tª máxima media	23.9	24.8	28.5 (2022)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	27.8 (día 26)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	19.2 (día 14)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	39	25-45	154 (2009)	0.5 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	8	6	12 (1995)	0 (2020)

Comentario: Mes **normal** para as temperaturas **mínima e media e frío** para a **máxima**.

A **precipitación** rexistrada estivo dentro do rango de valores climáticos, polo que o mes se considera **normal**, cun número de días de chuvia superior ao valor agardado para un mes de xullo.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.



LUGO

	XULLO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.8	18.8	21.8 (2022)	16.9 (1981)
Tª mínima media	13.1	12.9	15.2 (2013)	11.0 (1993)
Tª mínima absoluta	7.5 (día 16)	4.4 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	17.1 (día 28)	20.0 (22/07/1990)		
Tª máxima media	26.6	24.7	29.4 (2022)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	31.6 (día 10)	41.2 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.5 (día 24)	15.0 (03/07/1985)		
Precipitación acumulada	16	21-29	77 (1983)	0 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	4	4	8 (1983)	0 (2020)

Comentario: Mes **normal** para a temperatura **mínima** e **moi cálido** para as temperaturas **máxima** e **media**.

A **precipitación** rexistrada foi inferior ao rango de valores climáticos, resultando un mes **seco**. O número de días de chuvia estivo dentro do agardado para un mes de xullo.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.2	20.3	23.1 (2020)	17.8 (1980)
Tª mínima media	14.8	14.7	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	10.8 (día 16)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	18.7 (día 28)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	25.7	25.9	29.7 (2020)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	32.7 (día 2)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	22.3 (día 28)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	28	22-37	166 (1971)	0 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	6	5	11 (1995)	0 (2020)

Comentario: Mes lixeiramente **cálido** para a temperatura **mínima** e **normal** para as temperaturas **máxima** e **media**.

A **precipitación** rexistrada entra dentro do rango de valores climáticos, resultando un mes **normal**. O número de días de chuvia tamén está preto do valor climático.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.



OURENSE

	XULLO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.8	22.5	25.6 (2022)	19.0 (1977)
Tª mínima media	14.8	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	10.0 (día 16)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.2 (día 29)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	30.8	30.2	35.2 (2022)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	35.3 (día 18)	44.0 (14/07/2022)		
Tª máxima máis baixa	25.5 (día 24)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	6	9-19	69 (2009)	0 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	1	3	15 (1983)	0 (2020)

*Comentario: Mes **normal** para a temperatura **mínima** e **cálido** para as temperaturas **máxima** e **media**. A **precipitación** rexistrada está por baixo do rango de valores agardados para xullo, polo que se considera un mes **seco**, cun número de días de chuvia inferior o valor climático.*

**Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.*

5 TEMPERATURA

A temperatura, en media, estivo moi próxima á normal de xullo en Galicia, xa que, aínda que predominaron as situacións anticiclónicas, éstas non puideron achegar masas de aire moi cálido e, ademais, o predominio anticiclónico viuse interrompido con frecuencia pola chegada de baixas atlánticas.

5.1. Temperatura media das máximas

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 24.4 °C. O valor medio máis alto rexistrouse nas ribeiras do Sil, no Miño ourensá e na comarca de Verín, marcando, localmente, 31.6 °C. O valor medio máis baixo deuse nos puntos máis elevados da Serra de Queixa e Serra do Eixe, con, localmente, 16.3 °C.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2023.

5.2. Temperatura media das mínimas

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 4, foi de 12.7 °C. Os valores medios máis baixos rexistráronse nas Serras de Larouco, de Queixa e do Eixe, marcando, localmente, 6.7 °C. Pola contra, os valores medios máis altos atópanse en moitos puntos do litoral galego, especialmente, no litoral de Lugo, na Ría da Coruña e na península do Morrazo, con ata 17.6 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2023

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

Na Figura 5 obsérvase o mapa de anomalías de temperatura, o cal 5 presenta unha distribución irregular, con zonas por baixo dos valores climáticos e outras por riba. Así, os valores máis altos atopámoslos cara ao norte da Comunidade, en zonas próximas á Ría do Burgo, nas Rías Altas e na Mariña de Lugo, con ata +1.7 °C. Os valores máis baixos da anomalía de temperatura media rexistráronse en zonas do sur de Pontevedra, arredor dos Montes de Paradanta, e na comarca da Limia, con ata -1.5 °C. O valor medio da anomalía

de temperatura no conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa da Figura 5, foi de +0.1 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo de 2023 respecto ó período 1981-2010

A continuación, móstranse as anomalías de temperatura máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. Segundo a Táboa 1 e correspondéndose coa Figura 5, as anomalías máis altas déronse en zonas do norte da Coruña e de Lugo. Segundo a Táboa 2, as anomalías máis baixas, neste caso negativas, rexistráronse na comarca da Limia, en Ourense, e nas de Condado e Paradanta, en Pontevedra.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	1.6
Burela	Lugo	1.5
Xove	Lugo	1.4



Cervo	Lugo	1.3
Abegondo	A Coruña	1.3
Lugo	Lugo	1.3
Cariño	A Coruña	1.3
Foz	Lugo	1.2
Coruña (A)	A Coruña	1.2
Ribadeo	Lugo	1.2

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de xullo de 2023.

Anomalías máis baixas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Entrimo	Ourense	-1.2
Neves (As)	Pontevedra	-1.1
Lobios	Ourense	-1.1
Peroxa (A)	Ourense	-1.0
Arbo	Pontevedra	-1.0
Salvaterra de Miño	Pontevedra	-1.0
Lobeira	Ourense	-0.9
Ponteareas	Pontevedra	-0.9
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	-0.8
Vilamarín	Ourense	-0.8

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de xullo de 2023

Nas Táboas 3 e 4, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas máis calorosas concentráronse a comezos, o día 2, mediados, o día 17 e 18, e finais do mes, o día 26.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2023 por baixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/07/2023	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.7
26/07/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	35.5
18/07/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	35.3



26/07/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	35.3
02/07/2023	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	34.4
02/07/2023	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	34.2
17/07/2023	Larouco	LAROUCO	Ourense	34.2
26/07/2023	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	34.0
02/07/2023	As Eiras	ROSAL (O)	Pontevedra	33.7
02/07/2023	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	33.7

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xullo 2023, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2023 por riba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/07/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	29.4
17/07/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	28.5
18/07/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.3
17/07/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	27.7
10/07/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.5
17/07/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.4
26/07/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	27.1
17/07/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	27.0
17/07/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27.0
10/07/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	25.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xullo de 2023, altitude maior a 1000 m.

Nas Táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xullo de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. En ambas altitudes as xornadas máis frías foron o 16 e o 17 de xullo.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2023 por baixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/07/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	1.9
16/07/2023	Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	4.2
17/07/2023	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	4.3



17/07/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	4.4
17/07/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	5.0
17/07/2023	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	5.3
16/07/2023	Melide	MELIDE	A Coruña	5.4
17/07/2023	Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	5.5
17/07/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	6.0
16/07/2023	Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	6.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xullo de 2023, altitude menor a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2023 por riba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/07/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	2.1
16/07/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	3.6
16/07/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	3.6
16/07/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	3.8
16/07/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.8
16/07/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.9
16/07/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.7
16/07/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	5.5
16/07/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	5.7
16/07/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	6.0

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xullo de 2023, altitude maior a 1000 m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023

Na Figura 6, pódese ver a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 19.9 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2023 para xullo.

Na Figura 7, pódese observar a evolución das anomalías de temperatura media no mes de xullo desde 1961 ata 2023. A anomalía media da temperatura para xullo de 2023 en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.2 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. A media das temperaturas máxima e mínima desviáronse, tamén, +0.2 °C, polo que o mes se considera normal no conxunto de Galicia. O precedente máis cálido atopámolo o ano pasado, que foi o xullo máis caloroso da serie histórica.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

A chegada de varias fronteas dende o Atlántico deixou cantidades de chuva acumulada próximas aos valores agardados nun mes de xullo, unicamente, en zonas do terzo oeste, máis concretamente no oeste e no suroeste da Coruña e noroeste de Pontevedra, así como, localmente, na comarca da Limia. Esas fronteas foron, en xeral, pouco activas e non conseguiron avanzar a áreas da metade leste, onde quedaron cun déficit de precipitación, moito máis acusado no sueste da provincia da Ourense.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2023

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 23 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse en áreas do oeste da provincia da Coruña, con ata 145 L/m², seguido de áreas do suroeste desta provincia e do noroeste de Pontevedra, preto dos 100 L/ m². Os valores máis baixos de precipitación déronse en puntos das comarcas de Verín e Viana, na provincia de Ourense, onde, localmente, houbo entre 0 e 1 L/ m².

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xullo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 43 % inferior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta un marcado contraste. Así, os valores máis elevados atopámoslos, puntualmente, na comarca da Limia, cun 100 % máis do valor agardado, seguido por áreas próximas á desembocadura do Río Ulla, onde, localmente, choveu arredor dun 40 % máis do normal. Os valores máis baixos identifícanse, claramente, no sueste de Galicia, onde a porcentaxe estivo entre o 90 e 100 % por baixo do valor climático.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xullo de 2023

6.2. Días de chuvia en xullo de 2023

Na Figura 10, vemos a distribución do número de días con precipitación maior ou igual a 1 L/m². Segundo os valores do mapa, o número medio de días de precipitación maior ou igual

a 1 L/m² foi 5. O valor máis alto acadouse en puntos da Costa da Morte, con 12 días de chuva, seguido pola Serra da Faladoira, no norte da Coruña, con 11. Pola contra, en localidades das comarcas de Verín, Viana ou Valdeorras, déronse os valores máis baixos no número de días de chuva, cun valor nulo.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2023

A Táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xullo. As precipitacións acumuladas máis altas superaron os 100 L/m² nalgúns puntos do noroeste de Pontevedra e do suroeste da Coruña.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	127
Muralla	LOUSAME	A Coruña	112
Abelleira	MUROS	A Coruña	89
Cespón	BOIRO	A Coruña	83



Castrove	POIO	Pontevedra	81
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	76
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	62
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	62
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	58
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	55

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2023

A Táboa 8 contén unha lista das localidades coas precipitacións máximas medidas en 24 horas. As xornadas do 28, 14 e 7 de xullo foron das máis chuviosas. Como curiosidade, todas elas caeron en venres.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	55	28/07/2023 07:20
Muralla	LOUSAME	A Coruña	39	28/07/2023 05:40
Castrove	POIO	Pontevedra	35	14/07/2023 05:10
Cespón	BOIRO	A Coruña	35	28/07/2023 04:50
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	26	07/07/2023 10:40
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS	Pontevedra	24	28/07/2023 06:50
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	21	07/07/2023 04:00
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	20	28/07/2023 08:40
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	20	28/07/2023 09:00
Costa	ROIS	A Coruña	20	07/07/2023 03:40

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2023

6.3. Evolución da precipitación en xullo de 2023

Na Figura 11, pode verse a evolución da precipitación media das dezaseis estacións que compoñen a serie rexional desde 1961 ata 2023. A liña vermella representa a precipitación media en xullo no período climático 1981-2010. O valor medio en 2023, para esta serie, foi 20 L/m².




Figura 11: Precipitación de xullo ao longo do período 1961-2023

A Figura 12 inclúe a evolución da anomalía de precipitación en xullo desde 1961 ata 2023. A anomalía media das precipitacións en xullo de 2023 en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 43 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco atopámolo no ano 2022.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na Táboa 9 mostraríanse as estacións que tiveran rexistrado un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xullo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
-	-	-	-	-

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xullo de 2023.

Nas táboas 10, 11, 12 e 13, amósanse os datos mensuais de vento de estacións meteorolóxicas representativas das catro provincias. Nelas, pódese ver que a porcentaxe de calmas foi elevada en zonas baixas de interior e relativamente baixa en áreas de montaña e costeiras. Debido á baixa latitude na que se posicionou o anticiclón dos Azores, predominou, en xeral, o vento do terceiro e cuarto cuadrante (SW-NW). As xornadas do 7 e do 14 foron as máis ventosas.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	75	SW	14		
		Día 7				
Punta Candieira	Cedeira	91	SW	9		
		Día 14				
Malpica	Malpica	64	SW	5		
		Día 7				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	61	NW	13		
		Día 14				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xullo de 2023 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	90	SW	5		
		Día 14				
Campus Lugo	Lugo	41	N	61		
		Día 7				
Ancares	Cervantes	63	NE	15		
		Día 14				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xullo de 2023 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	54	NW	6		
		Día 8				
Alto do Rodicio	Maceda	45	NE	18		
		Día 14				
Gandarela	Celanova	38	NW	53		
		Día 7				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de xullo de 2023 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	56	NW	19		
		Día 2				
Illas Cíes	Vigo	62	SW	26		
		Día 14				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xullo de 2023 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xullo de 2023

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación (%) en xullo de 2023 respecto ao valor normal calculado no período 1985-2008



9 RAIOS

Segundo a Figura 15, a rede de detección de raios de Meteogalicia non registrou neste mes de xullo ningún raio.




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xullo de 2023.

Na Figura 16, presentaríase o número de raios detectados por provincias.

Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xullo de 2023.

Na Figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xullo en Galicia dende o ano 2010 ao 2023. Pódese observar que este xullo foi o único da serie no que non se detectaron descargas eléctricas.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xullo dende 2010 a 2023.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Serra Vacaloura	16.7	23.25	27.8	10	12.1	8.9	16	16	6.3	8	-121	87	100	57	62	286	2499	16	60	7	**	6	0		
Ventosa	16.6	23.12	27.3	10	11.2	6.2	16	18	5.2	15	-144	77	96	48	68	314	2609	8	51	15	915	6	0		
*Vilamor	19.8	24.99	29.9	7	14.7	10.9	17	20	5.9	22	-96	81	98	58	42	194	1898	**	42	14	**	7	0		
*Xabrega	20.3	28.19	33.1	26	13.9	9.6	16	10	6.1	8	-155	71	93	41	55	252	2363	4	37	28	981	6	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada		
Ourense																										
A Mezquita	17.9	24.63	28.3	18	10.7	6.0	16	0	0.8	29	-189	63	89	36	73	337	2810	10	50	31	904	1	0			
*A Portela	22.2	30.67	35.7	17	14.4	9.7	17	1	1.2	29	-192	58	88	28	72	333	2571	5	34	14	**	1	0			
*A Trabe	20.0	26.69	30.7	18	13.3	9.8	16	0	0.6	29	-194	65	90	40	79	362	2822	4	36	15	929	1	0			
Alto do Rodicio	16.1	22.46	27.4	17	11.0	7.2	16	27	7.5	15	-131	82	100	51	70	324	2686	9	45	14	908	7	0			
Amiudal	18.7	26.02	30.9	26	12.6	8.9	16	13	8.5	8	-158	76	100	44	70	325	2642	9	47	7	955	7	0			
As Petarelas	20.5	29.1	33.5	17	12.7	8.3	16	2	0.9	29	**	65	98	33	76	351	2822	**	**	**	**	4	0			
Baltar	17.7	25.91	30.8	17	8.7	5.0	17	0	0.8	29	-173	74	100	38	74	338	2726	7	41	7	927	1	0			
Cabeza de Manzaneda	12.8	16.44	21.6	17	8.7	2.1	16	9	2.5	8	-126	72	95	43	69	317	2525	**	55	15	828	6	0			
*Calvos	15.9	23.98	29.0	17	**	**	17	15	9.4	8	-142	87	100	54	72	329	2688	6	39	7	**	7	**			
Casaio	17.0	22.37	27.4	17	11.9	6.4	16	1	0.9	24	**	61	89	37	**	**	**	6	47	7	**	2	0			
*Corzos	15.9	22.99	28.5	17	8.7	3.8	16	5	1.8	8	**	71	96	43	**	**	**	7	33	14	**	4	0			
Entrimo	18.1	25.26	31.4	26	12.0	7.7	16	20	11.4	8	**	82	100	54	54	248	2341	**	**	**	**	7	0			
*EVEGA Leiro	21.5	30.63	35.3	26	13.0	8.4	17	6	4.4	8	**	68	94	36	**	**	**	2	37	7	1005	2	0			
Gandarela	18.8	26.34	30.4	26	13.3	9.8	16	10	8.4	8	-154	84	100	50	63	290	2580	5	38	7	947	3	0			
Lardeira	14.5	19.92	24.5	17	9.7	3.8	16	4	3.4	15	-163	73	95	46	75	346	2832	15	72	11	842	3	0			
*Larouco	20.8	29.01	34.2	17	13.5	8.6	17	1	0.6	29	**	69	98	34	**	**	**	3	32	14	958	2	0			
Laza	20.2	28.4	32.9	10	12.6	7.6	16	2	0.8	29	-187	65	96	32	75	345	2693	5	41	28	**	4	0			
Monte Medo	18.7	26.19	31.4	17	12.1	8.4	16	6	2.7	15	**	74	98	41	61	282	2107	**	**	**	**	5	0			
O Invernadeiro	17.3	25.24	29.4	10	8.7	3.6	16	5	2.6	8	-178	69	95	39	79	361	2834	8	41	8	**	3	0			
Ourense	22.3	30.77	35.3	18	14.8	10.0	16	6	5.6	8	**	61	94	31	**	**	**	**	**	**	**	2	0			
Ourense-Estacións	22.4	30.08	34.5	18	15.6	11.2	16	5	4.9	8	-182	64	87	36	66	305	2554	4	45	7	1001	2	0			
*Pazo de Fontefiz	19.9	26.84	31.8	17	14.0	9.1	16	8	6.4	8	-156	73	95	46	67	307	2517	**	32	7	971	2	0			
*Ponte Boga	20.1	27.35	30.8	17	14.0	9.1	16	9	5.7	8	-165	74	99	39	64	296	2564	5	43	14	964	4	0			
*Prado	21.5	29.52	34.0	26	14.1	10.0	16	6	5.0	8	**	69	93	40	**	**	**	3	29	7	1003	3	0			
Remuíño	21.3	30.44	35.5	26	13.5	9.1	16	7	6.0	8	-166	70	96	38	62	287	2429	5	36	7	**	2	0			
*Riós	19.4	26.11	31.2	17	12.5	8.2	25	1	1.1	29	-192	66	95	39	80	368	2864	5	34	31	**	2	0			
San Xoán de Río	16.5	22.79	27.0	17	10.9	6.4	16	11	3.3	15	-151	79	99	48	72	334	2721	12	51	14	903	7	0			
Serra do Eixe	16.1	21.92	27.0	17	10.6	5.7	16	14	5.8	15	-152	76	99	48	76	352	2734	10	66	7	882	3	0			
Verín-Vilamaior	20.6	28.6	32.8	17	13.1	8.4	16	1	0.8	15	-199	66	95	36	80	368	2853	7	39	11	956	3	0			
Verín-Vilela	20.1	28.82	33.3	17	10.6	6.5	17	0	0.4	8	-185	74	100	36	80	365	2800	4	35	31	**	1	0			
Viana do Bolo	18.2	26.62	31.0	10	10.1	6.0	17	0	0.6	29	-175	72	97	42	73	337	2659	5	39	14	922	1	0			
Xares	14.1	18.9	24.0	10	9.3	3.6	16	7	2.8	24	-159	66	92	40	76	348	2789	**	53	8	828	4	0			
Xinzo	18.4	26.54	32.2	17	9.7	4.4	17	4	3.1	8	-153	77	100	42	56	256	2450	7	39	7	947	3	0			
Xurés	17.0	22.59	27.7	17	11.6	7.4	16	15	8.0	8	-156	78	100	48	75	346	2845	10	49	15	900	6	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 7



Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Simes	19.6	25.17	30.5	2	13.8	10.5	16	23	8.0	28	-34	80	96	59	**	**	2203	1	29	7	**	7	0		
*Soutomaior	19.6	25.4	32.8	2	14.3	10.7	16	27	13.6	28	**	84	100	58	**	**	**	**	28	1	998	8	0		
*Torrequeintáns	20.4	25.81	31.3	17	15.0	10.4	16	22	9.3	28	-136	84	99	64	62	286	2512	5	48	7	1012	9	0		
*Tremoedo	19.6	24.52	29.7	26	14.5	10.4	16	32	11.4	28	**	76	93	56	**	**	**	3	34	7	1010	8	0		
Vigo	19.8	24.12	31.3	2	15.4	12.9	16	19	5.8	7	**	76	92	58	**	**	**	**	**	**	**	7	0		
Vigo-Campus	17.7	21.11	28.9	2	14.5	12.4	23	36	9.0	7	-125	83	97	63	71	326	2615	5	47	7	966	9	0		
Xesteiras	16.3	20.46	24.8	26	13.0	11.0	17	127	46.3	28	**	**	**	**	**	**	**	20	72	7	936	13	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA XULLO 2023



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA XULLO 2023



CHUVIA ACUMULADA DIARIA XULLO 2023



REFACHO MÁXIMO DIARIO XULLO 2023

